



## CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 – 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

[concello.valga@eidolocal.es](mailto:concello.valga@eidolocal.es)

[www.valga.es](http://www.valga.es)

### **EXPTE: LICITACIÓN DE LICENZA DE AUTOTAXI.**

### **TRÁMITE: PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS.**

#### **CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto do Contrato.**

Constitúe o obxecto do presente prego a adxudicación polo procedemento de concurso de dúas (2) licenzas para a prestación do servizo de transporte urbano de viaxeiros en automóbiles lixeiros de aluguer con condutor, para o Municipio de Valga, de conformidade coa normativa de aplicación.

#### **CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Adxudicación**

A forma de adxudicación da licenza de autotaxi será o procedemento aberto, no que todo interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación, de acordo co artigo 141 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

#### **CLÁUSULA TERCEIRA. Condicións de Participación**

##### CONDICIÓN XERAIS:

- Ser maior de 18 anos, sen exceder daqueles que fixa o código de circulación para ou as lei vixentes para este tipo de actividade.
- Ser español ou nacional dun país da Unión Europea.
- Estar en posesión do permiso de conducir de clase B ou superior, así como da autorización para conducir os vehículos a que se refire o artigo 7.3 do Regulamento Xeral de Conductores (BTP).
- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa ou impedimento que legal ou materialmente imposibilite para o normal exercizo da profesión.
- Non ter antecedentes por infraccións graves ou moi graves da lei 50/1999. Certificado negativo expedido polo rexistro correspondente da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente ( Pontevedra: tlfno: 986-80.55.94/ fax: 986-80.53.98 )
- Non ter antecedentes penais. Certificado negativo expedido polo Rexistro correspondente do Ministerio de Justicia ou fotocopia compulsada.
- Atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Non estar incurso en prohibición de contratar conforme ao artigo 49 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público.

##### CONDICIÓN ESPECÍFICAS:

- Non ser titular doutra licenza de auto-taxi.
- Compromiso de aportar un vehículo da categoría de turismo, en réxime de propiedade, aluguer, arrendamento financeiro, renting ou outro réxime admitido pola normativa vixente.
- Acreditar o cumprimento das obrigacións de carácter fiscal, laboral e social, incluídas as relativas ás condicións do centro de traballo, establecidas na lexislación vixente.
- Ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que poidan ocasionarse no transcurso do servizo, nos termos establecidos pola normativa vixente.

#### **CLÁUSULA CUARTA. Criterios de Adxudicación**

Os criterios para valorar a oferta económica son os seguintes: total 10 puntos

- Ser condutores asalariados dos titulares de licenzas de autotaxi que presten o servizo con plena e exclusiva dedicación na profesión, acreditada mediante a posesión e vixencia do permiso de Conductor expedido polo Ente local creador das licenzas e a inscrición e cotización en tal concepto á Seguridade Social: 6 puntos
- Ter experiencia no transporte de viaxeiros e de mercancías: 3 puntos.



## **CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)**

**Avda. Coruña, 14 – 36645 VALGA**

**986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55**

[concello.valga@eidolocal.es](mailto:concello.valga@eidolocal.es)

[www.valga.es](http://www.valga.es)

- Ser veciño do municipio: 1 punto.

### **CLÁUSULA QUINTA. Presentación de Solicitudes**

A solicitude de licenza será formulada polo interesado/a conforme ao modelo que figura no **ANEXO I**, acreditando as súas circunstancias personales e profesionais, a marca e o modelo do vehículo que utilizará e acompañando os xustificantes das circunstancias que no aspirante concurren en relación aos criterios de adxudicación previstos na cláusula cuarta.

As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Valga, e presentaranse no Rexistro de Entrada deste Concello no prazo de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

**Non se esixe aos aspirantes a presentación previa dos documentos xustificativos das condicións xerais e específicas previstas na cláusula terceira, senon tan só unha declaración xurada conforme ao ANEXO II. Sí se esixe a presentación dos xustificantes das circunstancias que no aspirante concurren en relación aos criterios de adxudicación previstos na cláusula cuarta.**

### **CLÁUSULA SEXTA. Gastos**

O adxudicatario queda obrigado ao pago dos anuncios e Impostos que procedan.

### **CLÁUSULA SÉTIMA. Publicidade**

Terminado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a lista no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, ao obxecto de que os interesados e as Asociacións profesionais de empresarios e traballadores poidan alegar o que estimen oportuno en defensa dos seus dereitos no prazo de quince días (artigo 10 do Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo). Transcorrido este prazo, publicarase a lista definitiva de aspirantes.

### **CLÁUSULA OITAVA. Mesa de Contratación**

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

### **CLÁUSULA NOVENA. Apertura de Proposicións e Adxudicación Provisional**

A Mesa de Contratación constituirase o quinto día hábil, salvo sábado tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 13:00 horas, podendo, solicitar informes técnicos considere precisos.

Recibidos os informes, e reunida de novo a Mesa de contratación, realizará a correspondente proposta de adxudicación provisional ao órgano de contratación.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

### **CLÁUSULA DÉCIMA. Adxudicación Definitiva**

A elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorran quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique aquela no perfil do contratante.

Durante este prazo, o adxudicatario provisional deberá aportar os documentos acreditativos de estar



## **CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)**

**Avda. Coruña, 14 – 36645 VALGA**

**986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55**

[concello.valga@eidolocal.es](mailto:concello.valga@eidolocal.es)

[www.valga.es](http://www.valga.es)

ao corrente coas súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social, e calquera outros documentos cuxa presentación se esixa no Prego (cláusula 3º); así como ter abonado todos os anuncios de licitación.

A adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo de quince días anterior, sempre que o adxudicatario presentase a documentación sinalada e constituído a garantía definitiva.

### **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Lexislación aplicable**

Para o non previsto nos presentes pregos aplicarase:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos de Transporte en Automóviles Lixeiros.
- Lei 6/1996, de 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transportes urbanos e interurbanos por estrada de Galicia.
- A Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- No non previsto nas Normas anteriores, aplicarase a Normativa reguladora dos transportes discrecionais de viaxeiros; neste sentido, véxanse os artigos 99 e seguintes da Lei 16/1987, de 30 de xullo, de Ordenación dos Transportes Terrestres, o Real Decreto 1211/1990 de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres e a Orde de 4 de Febreiro de 1993, pola que se desenvolve o Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres en Materia de Autorizacións de Transporte Discrecional de Viaxeiros por Estrada.

Valga, 20 de xullo de 2010  
O Alcalde

Asdo.: José María Bello Maneiro



**CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)**

**Avda. Coruña, 14 – 36645 VALGA**

**986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55**

[concello.valga@eidolocal.es](mailto:concello.valga@eidolocal.es)

[www.valga.es](http://www.valga.es)

ANEXO I

Don/a .....con DNI.....e enderezo a efectos de notificacións en ....., con nº de teléfono de contacto.....

EXPOÑO:

- Que desexo participar na convocatoria anunciada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº..... de data....., para a adxudicación mediante concurso público dunha licenza de autotaxi para o Concello de Valga, coñecendo e aceptando íntegramento o disposto no prego.
- Que reúno todas e cada unha das condicións que se determinan na cláusula terceira do prego.
- Que, de resultar adxudicatario, vou empregar para este servizo o vehículo que se detalla a continuación:

Modelo:

Marca:

Nº de prazas:

- Que achego os documentos que acreditan as condicións que posúo, como criterios de adxudicación establecidos na cláusula cuarta e que son os seguintes:

(...)

Por todo o exposto, SOLICITO:

Que se admita esta solicitude para poder concursar na adxudicación da licenza de autotaxi, segundo o establecido no prego.

Valga, a .....de 2010

O/A Solicitante

Asdo.:

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE VALGA



## CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 – 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

[concello.valga@eidolocal.es](mailto:concello.valga@eidolocal.es)

[www.valga.es](http://www.valga.es)

### ANEXO II

Don/a .....con DNI.....e enderezo a efectos de notificacións en ....., con nº de teléfono de contacto.....en relación á solicitude de participación na convocatoria anunciada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº..... de data....., para a adxudicación mediante concurso público dunha licenza de autotaxi para o Concello de Valga, coñecendo e aceptando íntegramente o disposto no prego,

### DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE REÚNO AS SEGUINTE CONDICIÓNS:

#### CONDICIÓNS XERAIS:

- Ser maior de 18 anos, sen exceder daqueles que fixa o código de circulación para ou as lei vixentes para este tipo de actividade.
- Ser español ou nacional dun país da Unión Europea.
- Estar en posesión do permiso de conducir de clase B ou superior, así como da autorización para conducir os vehículos a que se refire o artigo 7.3 do Regulamento Xeral de Condutores (BTP).
- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa ou impedimento que legal ou materialmente imposibilite para o normal exercizo da profesión.
- Non ter antecedentes por infraccións graves ou moi graves da lei 50/1999. Certificado negativo expedido polo rexistro correspondente da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente ( Pontevedra: tlfno: 986-80.55.94/ fax: 986-80.53.98 )
- Non ter antecedentes penais. Certificado negativo expedido polo Rexistro correspondente do Ministerio de Justicia ou fotocopia compulsada.
- Atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Non estar incurso en prohibición de contratar conforme ao artigo 49 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público.

#### CONDICIÓNS ESPECÍFICAS:

- Non ser titular doutra licenza de auto-taxi.
- Compromiso de aportar un vehículo da categoría de turismo, en réxime de propiedade, aluguer, arrendamento financeiro, renting ou outro réxime admitido pola normativa vixente.
- Acreditar o cumprimento das obrigacións de carácter fiscal, laboral e social, incluídas as relativas ás condicións do centro de traballo, establecidas na lexislación vixente.
- Ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que poidan ocasionarse no transcurso do servizo, nos termos establecidos pola normativa vixente.

Valga, a .....de 2010

O/A Solicitante

Asdo.:

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE VALGA